

## RESOLUCIÓN DA VICERREITORÍA DE TITULACIÓNS E INTERNACIONALIZACIÓN DO 24/07/2024 POLA QUE SE DELEGA A SINATURA PARA DETERMINADOS PROCEDEMENTOS NA XEFATURA DA OFICINA DE MOBILIDADE

A Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público establece no seu artigo 12, sobre delegación de sinatura, que:

*“1. Los titulares de los órganos administrativos podrán, en materias de su competencia, que ostenten, bien por atribución, bien por delegación de competencias, delegar la firma de sus resoluciones y actos administrativos en los titulares de los órganos o unidades administrativas que de ellos dependan, dentro de los límites señalados en el artículo 9.*

*2. La delegación de firma no alterará la competencia del órgano delegante y para su validez no será necesaria su publicación.*

*3. En las resoluciones y actos que se firmen por delegación se hará constar esta circunstancia y la autoridad de procedencia.”*

Por delegación de competencias do reitor, a vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización ten atribuídas, entre outras, a planificación e a promoción dos programas de intercambio e as convocatorias de axudas para mobilidade de estudantes, persoal docente e investigador e persoal de administración e servizos.

Coa finalidade de axilizar a xestión nos distintos programas e convocatorias de mobilidade cómpre realizar unha delegación de sinatura na xefatura da oficina de mobilidade da Universidade de Santiago de Compostela.

Por todo o anterior,

### **RESOLVO:**

#### **Primeiro. Delegación na xefatura da Oficina de Mobilidade**

Delégase a sinatura no xefe ou xefa da Oficina de Mobilidade dos seguintes actos nos procedementos relacionados coa promoción dos programas e convocatorias de axudas dos programas de mobilidade da USC:

1. Acordos interinstitucionais do programa Erasmus+.
2. Cartas de aceptación de estudantado entrante.
3. Credenciais de estudantado entrante e saínte.
4. “Convenios de subvención Erasmus+” para participantes saíntes e entrantes, cando proceda.

5. Acreditacións sobre coordinacións de programas de mobilidade.
6. Acreditacións para profesorado que recibe estudiantado ou profesorado a través de programas de mobilidade.
7. Outras acreditacións relacionadas con actividades de programas de mobilidade xestionadas pola Oficina de Mobilidade.

### **Segundo. Expresión da delegación**

Nos actos que se asinen en uso desta delegación de sinatura farase constar así expresamente e consideraranse ditadas polo órgano delegante.

### **Terceiro. Ausencia ou enfermidade**

En caso de ausencia ou enfermidade do órgano delegado, o órgano delegante designará quen o substitúa ou avocará para si a competencia.

### **Disposición final**

Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Taboleiro de anuncios electrónico da USC.

A vicerreitora de Titulacións e Internacionalización

María José López Couso

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015).

## Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

**Asinante/Firmante/Signer:** MARIA JOSE LOPEZ COUSO, VICERREITORA DE TITULACIONES E INTERNACIONALIZACIÓN, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 24/07/2024 12:21:51.

**CSV:** 9BE5-AEDC-4F64-907C